



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

**PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE OFICIAL DE 1ª DE SERVIZOS VARIOS ADSCRITO A SERVIZOS PRIORITARIOS OU ESENCIAIS DO CONCELLO DE ORDES (EXP. 2018/E001/000001)**

### **2º EXERCICIO. Proba Práctica. RECLAMACIÓNS**

En Ordes, a 18 de xaneiro de 2018, sendo as dez horas reúnese na Sala de Xuntas da Casa Consistorial (3º andar) do Concello o Tribunal que ha de vulgar a **SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN POSTO DE OFICIAL DE 1ª DE SERVIZOS VARIOS**, convocada por resolución da resolución de alcaldía de data 7 de setembro de 2018.

Asiste o Sr. Presidente Jesús Carreira Salvadores (Tesoureiro municipal) e os vogais Srs.:

María José Nartallo Pernas, Secretaria-Interventora do concello de Trazo.  
Ramiro Rama Figueira, capataz da brigada municipal de obras.  
Yolanda Castro Mosquera, funcionaria escala administración xeral, subescala administrativa.

Actúa como Secretaria do Tribunal, Pilar Rey Rodís, funcionaria do concello de Ordes.

Pola secretaria declárase constituído o Tribunal, procedéndose seguidamente a dar conta da reclamación suscitada á valoración realizada correspondente ao 2º exercicio, proba práctica.

Presentada por Juan Antonio Botana Villaverde, con DNI 4\*9\*7\*4\*P, con data 02/01/2018, rexistro de entrada 0011, na que solicita sexa revisada a valoración dos tres exercicios propostos polo tribunal e se corrixa a puntuación.

O interesado non xustifica os motivos ou razóns polas que a valoración outorgada polo Tribunal non califica correctamente e de forma insuficiente, e por tanto e merecedor dunha puntuación superior. Unicamente se fai unha descrición dos distintos pasos realizados na execución dos tres exercicios en que consistía a proba práctica.

O Tribunal considera que a valoración outorgada á proba efectuada en base á pericia das funcións realizadas, a calidade do traballo e a celeridade na súa execución, valora de forma suficiente o seu desenvolvemento. A revisión da puntuación para incrementar a mesma suporía considerar que os tres exercicios se desenvolveron de forma perfecta e sen ningún tipo de erro ou omisión. E por tanto que os erros ou faios que apreciou o Tribunal (1º exercicio: non limpar a máquina ao abandonar a tarefa, 2º exercicio: manexo pouco solto de plataforma e poda irregular e 3º exercicio: goteo de líquido en latiguillo de bombeo de inxección ao niño) non se tivesen en conta.

Tendo en conta o anterior o tribunal acorda manter a puntuación outorgada reflexada na acta de data 26/12/2018.

Non sendo estimada a reclamación presentada polo Sr. Botana Villaverde, elévase a definitiva a valoración efectuada ao 2º Exercicio, proba práctica, realizada con data 26/12/2018, que é a seguinte:

ASPIRANTE	DNI	Puntuación 1	Puntuación 2	Puntuación 3	Total (*)
Botana Villaverde, Juan Antonio	4*9*7*4*P	9,00	9,00	9,00	9,00

(\*) Media dos tres exercicios que compoñen a proba práctica.

**RECURSOS:** Contra o acordo do Tribunal de Selección resolvendo as reclamacións suscitadas poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.




## **CONCELLO DE ORDES**

**(A CORUÑA)**

O Tribunal acorda convocar ao aspirante Roberto García Busto para a realización do 3º Exercicio, proba de galego, o día 29 de xaneiro de 2019, ás 12.00 horas, na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, 3º andar.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo o Presidente que se redacte a presente acta que subscriben os membros do Tribunal. Sendo as dez horas e trinta minutos do día ao principio sinalado, de todo o cal certifico.

**O Presidente**



**Jesús Carreira Salvadores**



**A Secretaria**



**Pilar Rey Rodís**